

**DECRETO CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA. EXPTE Nº:
2021/G007/000002.**

Excma. Sra. D.^a Lara Méndez López, alcaldesa-presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO sesión extraordinaria do Excmo. Concello Pleno**, que terá lugar o vindeiro **mércores, día 20 de xaneiro de 2021, ás 10:30**, de acordo coa seguinte **orde do día**:

1/1 APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2019.

Xustifícase o carácter extraordinario da sesión na perentoriedade de aprobar o asunto que figura na orde do día.

Notifíqueseles aos señores e señoras concelleiros e concelleiras, coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación do asunto incluído na orde do día atópase a disposición dos/das señores e señoras concelleiros e concelleiras, a partir da data desta convocatoria, e por mor do volume está inserida na carpeta de "GrGruposPolíticos" á que se pode acceder a través da seguinte ruta:

[\\froilan\GruposHistorico\GrGruposPolíticos\ContaXeral\2019](#)

De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, un tercio do número legal de membros da Corporación (artigo 210.2.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta.